



REQUISITOS MÍNIMOS PARA AUTORIZAR A REALIZACIÓN DE EXAMES

1._ CAPACIDADE MÁXIMA DE PERSOAS

Intentar que os procesos selectivos sexan o menos numeroso posible e contemplar a posibilidade de quendas para limitar esta capacidade.

Sempre se debe garantir unha distancia de 1,5 metros entre las persoas nas catro direccións, polo que non se autorizarán aforos superiores a dita capacidade. Para o cálculo deste aforo tomarase en consideración o extremo do asento e o recomendable é que haxa a máxima separación posible.

Estas medidas de 1,5 metros entre asentos deberán estar contempladas clara e explicitamente nos protocolos que se presenten na Dirección Xeral. Recoméndase así mesmo a maior distancia posible entre os aspirantes.

Deberá haber contemplado tamén un espazo diferenciado para as persoas vulnerables que accedan ao exame. As persoas que non podan utilizar máscara deberán estar perfectamente separadas do resto.

2._ PORTAS DE ACCESO

Con respecto ás portas de acceso, sempre se deberá garantir que exista persoal de seguridade en cada porta e un acceso escalado que garanta que non se formen aglomeracións en cada porta. Contemplar tamén a posibilidade de quendas. Este aspecto é case o máis importante de todo este protocolo e deberá estar tamén ben especificado.

3 SINALIZACIÓN DOS ESPAZOS PARA NON FORMAR AGLOMERACIÓNS

Deben estar moi ben sinalizadas as vías de circulación e marcar no chan, de ser o caso, puntos coas distancias de seguridade para non formarse colas.

4._ ASEOS

Con respecto aos aseos, sempre se deberá garantir que exista persoal de seguridade nos accesos aos aseos, e que non se formen aglomeracións nestes.

Deberán ter contemplado cales son os aseos asignados a cada aula/persoa. Así mesmo estes aseos disporán de papel desbotable, xabón, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa e pedal



5 VENTILACIÓN

Con respecto á ventilación dos espazos e o mantemento dos sistemas de climatización, deberán revisarse, para garantir una alta taxa de renovación de aire e garantir el manteniemento de los filtros y sistemas, segundo as recomendacións de operación e mantemento dos sistemas de climatización e ventilación de edificios e locais para a prevención da propagación do SARS-CoV-2.

Máis información en: https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Recomendaciones_de_operacion_y_mantenimiento.pdf

6 LIMPEZA E DESINFECCIÓN DAS INSTALACIÓNS

Deberase garantir a adecuada limpeza e desinfección das instalacións.

Nas limpeza e desinfección das salas utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recién preparada ou calquera dos [desinfectantes con actividade viricida que se encontran no mercado e debidamente autorizados e rexistrados](#). No uso dese produto se respectarán las indicacións da etiqueta.

7._ COMUNICACIÓN PREVIA DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN E NORMAS

Os aspirantes deben coñecer as medidas preventivas antes do exame así como as de comportamento e seguridade, polo que se deberían remitir previo ao exame, unhas instrucións ou indicar aos aspirantes onde poden consultalas. Estas instrucións deberían constar como mínimo dos seguintes puntos:

-No poderán acceder ao exame aquelas persoas con síntomas compatibles coa COVID-19, aquelas a las que se lles diagnosticase a enfermidade e que non finalizasen o período de illamento ou as que se atopen en período de corentena domiciliaria por haber ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19.

-As persoas especialmente sensibles (vulnerables) deberán comunicalo á organización no seguinte prazo Esta vulnerabilidade deberá xustificarse adecuadamente mediante certificado médico.

-Evitaranse aglomeracións tanto fora como dentro do local, realizando o acceso de forma ordenada gardando a distancia de seguridade mínima de metro e medio.
Na espera, acceso e permanencia no interior do recinto, en todo momento, atenderanse instrucións do persoal, e se deberá:



- Usar máscara de forma obrigatoria
- Prestar atención e cumprir a información da cartelaría e dos responsables da seguridade.
- Prestar atención e respectar as sinalizacións en canto a distancias de seguridade, sentidos de circulación, localización, espera de quenda, etc.
- Aplicación de solución hidro alcohólica nas mans ao entrar e al saír das dependencias e dos aseos.

-Indicar que haberá un espazo específico ao que acudir no caso de ter síntomas.

8._Debe haber un espazo previo elixido para xestionar os supostos casos de COVID. As medidas xenéricas serían as seguintes:

MEDIDAS ANTE A SOSPEITA DUN CASO DA COVID-19

Os síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19 inclúe febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber diminución do olfacto e o gusto, calafríos, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.

Se algún aspirante iniciase síntomas, retirarase do resto das persoas, e adoptaranse as medidas procedentes para que abandone a sala de celebración do exame. A persoa contactará co seu centro de saúde ou co teléfono de referencia 900 400 116. Se persoa é de fora da Comunidade autónoma chamará ao teléfono 881 002 021.

No lugar de celebración do exame debe existir un espazo que será elixido previamente, e deberá contar con ventilación adecuada, e unha papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar.

No caso de percibir que a persoa que inicia síntomas estea nunha situación de gravidade ou teña dificultade para respirar, avisarase ao 061.

Por último, haberá que realizar unha boa ventilación, limpeza e desinfección dos espazos e do resto das estancias onde estivera a persoa, acorde á situación do risco. Será preciso tamén illar o contedor/papeleira onde se depositaran os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.

9 OUTROS REQUIRIMENTOS

As persoas especialmente sensibles (vulnerables) deberán ter a posibilidade de comunicalo á organización con anterioridade e xustificalo adecuadamente mediante certificado médico



A nivel informativo e por si o considera de interese, indicarlle que noutras convocatorias contemplaron a posibilidade de repetir o exame no caso de ter a enfermidade, estar en corentena ou en illamento, ou con síntomas previos.